



Valdoviño



VALDOVIÑO

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000034

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día oito de outubro de dous mil vinte e catro, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 554 de data 7 de outubro/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Rosa Ana García López.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 01.10.24 (ORDINARIA).-**

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 01.10.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.-EXPEDIENTE DE OBRAS: “FASE III: AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USO MÚLTIPLES PARA O CENTRO SOCIOCOMUNITARIO (SOLICITUDE DOCUMENTACIÓN)”.-**

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

Expte.: 2024/C003/000009

Obra: Fase III: Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario

Aprobado o expediente de contratación de: “Fase III: Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario”.

Consta a documentación técnica de Estudo Anta Arquitectos S. L. P.; cun importe total de 1.314.221,47 € (IVE incluído); IVE 228.088,02 euros; prezo sen IVE (1.086.133,45 €).  
Licitación: procedemento aberto con único criterio de adjudicación, factor prezo, tramitación ordinaria.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado e presentadas ofertas, en sesión de data 16 de setembro de 2024 a Mesa de contratación abriu e examinou a documentación do sobre A e acordou admitir ao licitador DISEÑO Y TECNICAS CONSTRUCTIVAS MARTIÑO SL (único concorrente á licitación) ao comprobarse correcta a documentación presentada.

En data 23 de setembro de 2024 a mesa de contratación celebró sesión para a apertura e valoración dos criterios evaluables automaticamente: *2023/C003/000009 Fase III: Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario*. A documentación aportada polo licitador DISEÑO Y TÉCNICAS CONSTRUCTIVAS MARTIÑO SL con NIF: B09674037 axústase ao anexo II e fai constar que:

- “1º.- Conoce y acepta cuantas obligaciones se deriven de los Pliegos de cláusulas administrativas particulares del presente contrato, así como del proyecto y documentación técnica que lo integra.  
2º.- Acompaña la documentación exigida en el Pliego de cláusulas administrativas particulares.  
3º.- Hace constar que en la presente licitación: A) No concurre con empresas vinculadas.  
4ª.- PRECIO  
Ofrece el siguiente precio:  
A) Precio sin IVA 1.086.133,45€ euros.  
B) Impuesto sobre el valor añadido (IVA) Porcentaje 21%. Importe 228.088,02 euros.  
C) TOTAL (A+B) 1.314.221,47€ euros.”

Por conseguinte, a Mesa de contratación na citada sesión de data 23/09/2024 tras tomar coñecemento da oferta económica presentada pola empresa DISEÑO Y TÉCNICAS CONSTRUCTIVAS MARTIÑO SL con NIF: B09674037 e comprobado co programa de valoración de ofertas económicas da Deputación a non existencia de baixa temeraria na oferta toda vez que se axusta ao tipo de licitación RESOLVEU:

Primeiro.- Proponer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato “Fase III: Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario” á empresa NIF B09674037 DISEÑO Y TÉCNICAS CONSTRUCTIVAS MARTIÑO, S. L. motivada en que foi a única entidade licitadora e que a súa oferta non está incurso en causa de anormalidade ao coincidir co tipo de licitación.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Considerando que a empresa con NIF B09674037 DISEÑO Y TÉCNICAS CONSTRUCTIVAS MARTIÑO, S. L. presenta unha oferta que se detalla a continuación para a execución de contrato de obra: *Fase III: Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario*:

- PREZO:
- A) Prezo sen IVE **1.086.133,45 €** euros
  - B) Imposto sobre o valor engadido (IVA) Porcentaxe 21%. Importe **228.088,02 euros**.
  - C) TOTAL (A+B) **1.314.221,47 € euros**.”

Requirir ao devandito licitador para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación:

- a) **A garantía definitiva** (5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE: 54.306,67 euros) aos efectos de poder serlle adxudicada a obra *Fase III: Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario*
- b) **Certificado positivo de atoparse ao corrente** das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT)
- c) **Certificado positivo de atoparse ao corrente** e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) en virtude da cláusula 16.1.9.
- d) **Certificado do ROLECE** no que conste a clasificación vixente de acordo co anexo I do cadro de características do contrato: Grupo C, Subgrupo 8, Categoría 4.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo á citada entidade mercantil para o seu coñecemento e efectos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime convinte.

O Alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) ”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000009).**

### **3º.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ECONÓMICA ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ESCOLA DE FUTBOL BASE AMISTADE NO ANO 2024.-**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA**

**Asuntos** Aprobación do Convenio para a concesión da subvención nominativa a favor da Escola de fútbol base Amistade de Meirás

#### **Expediente 2024/A006/000011**

A BEO 53ª VII) das Bases para a execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2024 aprobadas definitivamente en data 12-07-2024 contempla a colaboración económica ca entidade ESCOLA DE FÚTBOL BASE AMISTADE DE MEIRAS con C.I.F. núm. V70087523 para a organización de actividades e eventos deportivos que implican a promoción do noso Concello, axudan ao desenvolvemento económico do mesmo, potencian o deporte de calidade e impulsan formas de ocio alternativo, estando enfocadas a longo prazo á creación de canteiras de deportistas con cargo á aplicación orzamentaria 341.48004 por importe de 3.211,62 €.

Consta no expediente 2024/A006/000011, a solicitude da Escola de fútbol base Amistade con C.I.F. núm.V70087523 e achega da documentación prevista na referida BEO 53ª VII) para o ano 2024.

Visto o informe da Intervención municipal núm. EMP 104/2024 de fiscalización previa da proposta de Alcaldía de aprobación do Convenio para regular a colaboración entre o

Concello de Valdoviño e a escola de fútbol base Amistade ao efecto de sufragar gastos que deriven da organización e celebración de actividades deportivas no ano 2024 (Expediente 2024/A006/000011).

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía DISPÓN

**Primeiro.-** *Aprobar o Convenio de colaboración económica entre o Concello de Valdoviño e a Escola de fútbol base Amistade no ano 2024, establecemento os dereitos e obrigas das partes.*

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ECONÓMICA ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ESCOLA DE FÚTBOL BASE AMISTADE DE MEIRAS PARA SUFRAGAR OS GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS QUE SE REALICEN NO ANO 2024**

Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

**INTERVEÑEN**

Dunha a parte, Alberto González Fernández con D.N.I. núm. [REDACTED] Alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación da entidade local.

Doutra parte, Jose Manuel Mourente Leira con D.N.I. núm. [REDACTED] en nome e representación da Escola de Fútbol Base Amistade de Meirás con C.I.F. núm. V70087523, en calidade de Presidente da mesma.

**MANIFESTAN**

Ámbolos dous interveñen en representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose reciprocamente as partes intervintes a necesaria capacidade xurídica e lexitimación para convir e subscribir o presente convenio, conforme as seguintes:

**Primeira: Fundamento legal.**

O artigo 22.2. a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigo 19.4 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) establece que *poderán concederse de forma directa subvencións previstas nominativamente (...) nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*

*A efectos do establecido no parágrafo anterior, o obxecto desta subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.*

**Segunda : Obxeto e período de vixencia do Convenio.**

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración económica do Concello de Valdoviño para financiar os gastos que derivan da organización e celebración dos eventos e actividades deportivas no ano 2024.

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

**Terceira: Achega económica**

A BEO 53ª VII) das Bases para a execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2024 contempla a colaboración económica

ca Escola de Fútbol Base Amistade de Meirás con C.I.F. núm. V70087523 para a organización e celebración de actividades e eventos deportivos que implican a promoción do noso Concello, axudan ao desenvolvemento económico do mesmo, potencian o deporte de calidade e impulsan formas de ocio alternativo con cargo á aplicación orzamentaria 341.48004 por importe de 3.211,62 €.

Dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos correntes que orixine a organización e celebración das actividades e eventos de carácter deportivo no ano 2024.

O pagamento do 75% subvención nominativa será efectuado mediante ingreso na conta bancaria sinalada ao efecto polo beneficiario unha vez asinado o presente Convenio pois é dunha subvención prepagable. O 25% restante será aboado tras a debida xustificación do gasto realizado, conforme se determina na Cláusula sexta.

Establécese a compatibilidade para a percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### **Cuarta: Documentación.**

Para a plena efectividade do presente Convenio e antes da adopción do acordo de outorgamento da subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar a solicitude acompañada da seguinte documentación:

- a. Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- b. Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- c. Copia compulsada do documento constitutivo e estatutos da dita entidade, así como certificación acreditativa dos cargos da dita entidade.
- d. Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- e. Declaración xurada de se foron solicitadas ou non subvencións para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- f. Certificado de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das certificacións para o caso de que a contía a outorgar ao beneficiario non supere os 3.000,00 €, de acordo co art. 24 RLXS.
- g. Declaración responsable de non estar incurso a entidade nin a súa representación en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- h. Certificación dos datos bancarios da entidade.
- i. Declaración responsable comprometéndose a presentar xustificación da axuda no prazo de 3 meses, e en todo caso antes da finalización do exercicio no que é concedida a subvención, por parte de perceptor nos termos previstos nas presentes Bases.

#### **Quinta: Obrigas do beneficiario.**

Son obrigas do beneficiario:

- a. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención nominativa outorgada a Escola de Fútbol Base Amistade de Meirás no ano 2024.
- b. Xustificar ante o Concello de Valdoviño o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión e desfrute da subvención nominativa outorgada no ano 2024.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación e control que realice o órgano local competente ou a Intervención do Concello, estando obrigada a Escola de Fútbol Base Amistade de Meirás a facilitar toda a información que lle sexa requirida por eles no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Igualmente de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Escola de Fútbol Base Amistade de Meirás queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo dito órgano de control externo, e no seu caso ao disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.
- d. Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e. Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.
- f. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.  
Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g. Adoptar as medidas de difusión oportunas para dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación que constitúe a subvención nominativa outorgada a Escola de Fútbol Base Amistade de Meirás no ano 2024.  
Así, o escudo do Concello de Valdoviño deberá figurar en lugar preferente e visible na promoción dos eventos e actividades deportivos. Deberá colocar un cartel ou lona con medidas mínimas de 180 centímetros de ancho por 60 centímetros de altura onde apareza o logotipo establecido pola entidade local.
- h. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **Sexta: Xustificación.**

A Escola de Fútbol Base Amistade de Meirás deberá presentar a seguinte documentación xustificativa do emprego da subvención outorgada polo

Concello de Valdoviño á maior brevidade posible unha vez realizada a actividade subvencionada e, en todo caso, antes do 31 de decembro do 2024.

- a. Conta xustificativa (relación de facturas con conceptos e importes que se presentan coma xustificación da subvención), e facturas orixinais de gasto ou copias compulsadas das mesmas axeitadas ao establecido no RD 1619/2012, previamente a compulsa farase constar nos orixinais, mediante dilixencia nas mesmas, que se corresponden con gasto subvencionados polo concello, quedando as copias compulsadas no expediente, unha vez dilixenciadas, aos efectos dun control de concorrencia de subvencións.

Tendo en consideración o disposto no artigo 3.2 do citado RD 1619/2012, do 30 de novembro será suficiente e axeitada a achega de certificados emitidos pola entidade competente respecto das operacións de seguro que comprende as modalidades de previsión, reaseguro e capitalización ou documentos análogos.

Deberán presentarse xustificantes dos pagamentos realizados a través de transferencias bancarias aos provedores co selo da entidade financeira, ou con código de verificación, ou coa copia do cheque nominativo emitido e xustificante do seu cargo na conta acreditando pola entidade financeira do mesmo xeito.

- b. Achegarase unha memoria das actuacións realizadas, firmada en todas as follas, e declarando o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención, presentando algún tipo de proba.
- c. Certificados emitidos pola AEAT, Xunta de Galicia e Seguridade Social na que se acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d. O beneficiario da subvención acompañará unha relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas para idéntica finalidade, no seu caso, a declaración de non ser beneficiario de outras subvencións públicas para a mesma finalidade.
- e. Acreditación de ter dado publicidade a colaboración económica do concello, incluída a fotografía do cartel ou lona con medidas mínimas de 180 centímetros de ancho por 60 centímetros de altura onde apareza o logotipo establecido pola entidade local.

Mediante unha resolución da Alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da xustificación presentada polo beneficiario

#### **Sétima: Incumprimento**

No caso de que a Escola de Fútbol Base Amistade de Meirás non acredite fidedignamente o cumprimento da finalidade da subvención nominativa outorgada, ou non realice o obxecto que determina a concesión da presente axuda, procederá o reintegro do importe anticipado.

#### **Oitava: Natureza.**

Dada a natureza xurídico pública do presente Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Valdoviño e a Escola de Fútbol Base Amistade de Meirás, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa

#### **Novena: Interpretación.**

Son causas de resolución do presente Convenio de colaboración económica a renuncia de calquera das partes e/ou o incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución o obxecto do convenio aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Valdoviño (que a Escola de Fútbol Base Amistade de Meirás declara coñecer) e á normativa de aplicación na materia.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández.**

**Segundo.-** Dispoñer o crédito e recoñecer a obriga do 75% da subvención prepagable concedida á Escola de fútbol base Amistade para a organización e celebración de actividades deportivas no ano 2024 que se imputará a aplicación orzamentaria do estado de gastos 341. 48004 do orzamento municipal vixente.

**Terceiro.-** Dar conta deste acordo á Escola de fútbol base Amistade e requirirle para que compareza o seu representante para asinar o mesmo.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/A006/000011).**

#### **4º.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ECONÓMICA ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CLUB DEPORTIVO ROSALÍA DE VILABOA NO ANO 2024.-**

##### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA**

**Asuntos** Aprobación do Convenio para a concesión da subvención nominativa a favor do Club Deportivo Rosalía de Vilaboa no ano 2024

**Expediente** 2024/A006/000012

A BEO 53ª VII) das Bases para a execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2024 aprobadas definitivamente en data 12-07-2024 contempla a colaboración económica ca entidade CLUB DEPORTIVO ROSALÍA DE VILABOA con C.I.F. núm. G15610702 para a organización de actividades e eventos deportivos que implican a promoción do noso Concello, axudan ao desenvolvemento económico do mesmo, potencian o deporte de calidade e impulsan formas de ocio alternativo, estando enfocadas a longo prazo á creación de canteiras de deportistas con cargo á aplicación orzamentaria 341.48003 por importe de 3.358,32 €.

Consta no expediente 2024/A006/000012, a solicitude de C. D. Rosalía de Vilaboa con C.I.F. núm. G15610702 e achega da documentación prevista na referida BEO 53ª VII) para o ano 2024.

Visto o informe da Intervención municipal núm. EMP 107/2024 de fiscalización previa da proposta de Alcaldía de aprobación do Convenio para regular a colaboración entre o Concello de Valdoviño e C. D. Rosalía de Vilaboa ao efecto de sufragar gastos que deriven da organización e celebración de actividades deportivas no ano 2024 (Expediente 2024/A006/000012).

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía DISPÓN

**Primeiro.-** *Aprobar o Convenio de colaboración económica entre o Concello de Valdoviño e C. D. Rosalía de Vilaboa no ano 2024, establecendo os dereitos e obrigas das partes.*

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ECONÓMICA ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CLUB DEPORTIVO ROSALÍA DE VILABOA PARA SUFRAGAR OS GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS QUE SE REALICEN NO ANO 2024**

Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

#### **INTERVEÑEN**

Dunha a parte, Alberto González Fernández con D.N.I. núm. [REDACTED] Alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación da entidade local.

Doutra parte, Manuel Ángel Casas Rodríguez con D.N.I. núm. [REDACTED] en nome e representación do Club Deportivo Rosalía de Vilaboa con C.I.F. núm. G15610702, en calidade de Presidente da mesma.

#### **MANIFESTAN**

Ámbolos dous interveñen en representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose reciprocamente as partes intervincentes a necesaria capacidade xurídica e lexitimación para convir e subscribir o presente convenio, conforme as seguintes:

#### **Primeira: Fundamento legal.**

O artigo 22.2. a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigo 19.4 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) establece que *poderán concederse de forma directa subvencións previstas nominativamente (...) nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*

*A efectos do establecido no parágrafo anterior, o obxecto desta subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.*

#### **Segunda : Obxeto e período de vixencia do Convenio.**

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración económica do Concello de Valdoviño para financiar os gastos que derivan da organización e celebración dos eventos e actividades deportivas no ano 2024.

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

### **Terceira: Achega económica**

A BEO 53ª VII) das Bases para a execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2024 contempla a colaboración económica co Club Deportivo Rosalía de Vilaboa con C.I.F. núm. G15610702 para a organización e celebración de actividades e eventos deportivos que implican a promoción do noso Concello, axudan ao desenvolvemento económico do mesmo, potencian o deporte de calidade e impulsan formas de ocio alternativo con cargo á aplicación orzamentaria 341.48003 por importe de 3.358,32 €.

Dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos correntes que orixine a organización e celebración das actividades e eventos de carácter deportivo no ano 2024.

O pagamento do 75% subvención nominativa será efectuado mediante ingreso na conta bancaria sinalada ao efecto polo beneficiario unha vez asinado o presente Convenio pois é dunha subvención prepagable. O 25% restante será aboado tras a debida xustificación do gasto realizado, conforme se determina na Cláusula sexta.

Establécese a compatibilidade para a percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

### **Cuarta: Documentación.**

Para a plena efectividade do presente Convenio e antes da adopción do acordo de outorgamento da subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar a solicitude acompañada da seguinte documentación:

- a. Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- b. Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- c. Copia compulsada do documento constitutivo e estatutos da dita entidade, así como certificación acreditativa dos cargos da dita entidade.
- d. Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- e. Declaración xurada de se foron solicitadas ou non subvencións para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- f. Certificado de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das certificacións para o caso de que a contía a outorgar ao beneficiario non supere os 3.000,00 €, de acordo co art. 24 RLXS.

- g. Declaración responsable de non estar incurso a entidade nin a súa representación en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- h. Certificación dos datos bancarios da entidade.
- i. Declaración responsable comprometéndose a presentar xustificación da axuda no prazo de 3 meses, e en todo caso antes da finalización do exercicio no que é concedida a subvención, por parte de perceptor nos termos previstos nas presentes Bases.

#### **Quinta: Obrigas do beneficiario.**

Son obrigas do beneficiario:

- a. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención nominativa outorgada o Club Deportivo Rosalía de Vilaboa no ano 2024.
- b. Xustificar ante o Concello de Valdoviño o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión e desfrute da subvención nominativa outorgada no ano 2024.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación e control que realice o órgano local competente ou a Intervención do Concello, estando obrigado o Club Deportivo Rosalía de Vilaboa a facilitar toda a información que lle sexa requirida por eles no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Igualmente de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Club Deportivo Rosalía de Vilaboa queda sometido aos procedementos de fiscalización que leve a cabo dito órgano de control externo, e no seu caso ao disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.
- d. Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e. Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.
- f. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.  
Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g. Adoptar as medidas de difusión oportunas para dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación que constitúe a subvención nominativa outorgada o Club Deportivo Rosalía de Vilaboa no ano 2024.  
Así, o escudo do Concello de Valdoviño deberá figurar en lugar preferente e visible na promoción dos eventos e actividades deportivos. Deberá colocar un

cartel ou lona con medidas mínimas de 180 centímetros de ancho por 60 centímetros de altura onde apareza o logotipo establecido pola entidade local.

- h. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **Sexta: Xustificación.**

O o Club Deportivo Rosalía de Vilaboa deberá presentar a seguinte documentación xustificativa do emprego da subvención outorgada polo Concello de Valdoviño á maior brevidade posible unha vez realizada a actividade subvencionada e, en todo caso, antes do 31 de decembro do 2024.

- a. Conta xustificativa (relación de facturas con conceptos e importes que se presentan coma xustificación da subvención), e facturas orixinais de gasto ou copias compulsadas das mesmas axeitadas ao establecido no RD 1619/2012, previamente a compulsa farase constar nos orixinais, mediante dilixencia nas mesmas, que se corresponden con gasto subvencionados polo concello, quedando as copias compulsadas no expediente, unha vez dilixenciadas, aos efectos dun control de concorrencia de subvencións.

Tendo en consideración o disposto no artigo 3.2 do citado RD 1619/2012, do 30 de novembro será suficiente e axeitada a achega de certificados emitidos pola entidade competente respecto das operacións de seguro que comprende as modalidades de previsión, reaseguro e capitalización ou documentos análogos.

Deberán presentarse xustificantes dos pagamentos realizados a través de transferencias bancarias aos provedores co selo da entidade financeira, ou con código de verificación, ou coa copia do cheque nominativo emitido e xustificante do seu cargo na conta acreditando pola entidade financeira do mesmo xeito.

- b. Achegarase unha memoria das actuacións realizadas, firmada en todas as follas, e declarando o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención, presentando algún tipo de proba.
- c. Certificados emitidos pola AEAT, Xunta de Galicia e Seguridade Social na que se acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d. O beneficiario da subvención acompañará unha relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas para idéntica finalidade, no seu caso, a declaración de non ser beneficiario de outras subvencións públicas para a mesma finalidade.
- e. Acreditación de ter dado publicidade a colaboración económica do concello, incluída a fotografía do cartel ou lona con medidas mínimas de 180 centímetros de ancho por 60 centímetros de altura onde apareza o logotipo establecido pola entidade local.

Mediante unha resolución da Alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da xustificación presentada polo beneficiario

#### **Sétima: Incumprimento**

No caso de que o Club Deportivo Rosalía de Vilaboa non acredite fidedignamente o cumprimento da finalidade da subvención nominativa

outorgada, ou non realice o obxecto que determina a concesión da presente axuda, procederá o reintegro do importe anticipado.

**Oitava: Natureza.**

Dada a natureza xurídico pública do presente Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Valdoviño e o Club Deportivo Rosalía de Vilaboa, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa

**Novena: Interpretación.**

Son causas de resolución do presente Convenio de colaboración económica a renuncia de calquera das partes e/ou o incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución o obxecto do convenio aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Valdoviño (que o Club Deportivo Rosalía de Vilaboa declara coñecer) e á normativa de aplicación na materia.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández.**

**Segundo.-** Dispoñer o crédito e recoñecer a obriga do 75% da subvención prepagable concedida a C. D. Rosalía de Vilaboa para a organización e celebración de actividades deportivas no ano 2024 que se imputará a aplicación orzamentaria do estado de gastos 341.48003 do orzamento municipal vixente.

**Terceiro.-** Dar conta deste acordo a C. D. Rosalía de Vilaboa e requirirille para que compareza o seu representante para asinar o mesmo.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada a marxe.”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/A006/000012).**

**5º.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ECONÓMICA ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ASOCIACIÓN DE BAIXADA DE CARRILANAS A SAN MAMEDE NO ANO 2024.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA**

**Asuntos** Aprobación do Convenio para a concesión da subvención nominativa a favor da Asociación baixada de Carrilanas a San Mamede no ano 2024

**Expediente** 2024/A006/000013

A BEO 53ª VII) das Bases para a execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2024 aprobadas definitivamente en data 12-07-2024 contempla a colaboración económica ca entidade Asociación baixada de Carrilanas a San Mamede con C.I.F. núm. G15639719 para a organización de actividades e eventos deportivos que implican a promoción turística do noso Concello, axudan ao desenvolvemento económico do mesmo, potencian o deporte de calidade e impulsan formas de ocio alternativo, estando enfocadas a longo prazo á creación de canteiras de deportistas con cargo á aplicación orzamentaria 341.48001 por importe de 6.000,00 €.

Consta no expediente 2024/A006/000013, a solicitude da Asociación baixada de Carrilanas a San Mamede con C.I.F. núm. G15639719 e achega da documentación prevista na referida BEO 53ª VII) para o ano 2024.

Visto o informe da Intervención municipal núm. EMP 105/2024 de fiscalización previa da proposta de Alcaldía de aprobación do Convenio para regular a colaboración entre o Concello de Valdoviño e a Asociación baixada de Carrilanas a San Mamede ao efecto de sufragar gastos que deriven da organización e celebración do evento XXV Baixada Internacional de Carrilanas a San Mamede no ano 2024 (Expediente 2024/A006/000013).

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía DISPÓN

**Primeiro.-** Aprobar o Convenio de colaboración económica entre o Concello de Valdoviño e a Asociación baixada de Carrilanas a San Mamede no ano 2024, establecemento os dereitos e obrigas das partes.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ECONÓMICA ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ASOCIACIÓN BAIXADA DE CARRILANAS A SAN MAMEDE PARA SUFRAGAR OS GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DO EVENTO XXV BAIXADA INTERNACIONAL DE CARRILANAS A SAN MAMEDE NO ANO 2024.**

Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

**INTERVEÑEN**

Dunha a parte, Alberto González Fernández con D.N.I. núm. [REDACTED] Alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación da entidade local.

Doutra parte, Emilio López Porta con D.N.I. núm. [REDACTED] en nome e representación da Asociación baixada de Carrilanas a San Mamede con C.I.F. núm. G15639719, en calidade de Presidente da mesma.

**MANIFESTAN**

Ámbolos dous interveñen en representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose reciprocamente as partes intervintes a necesaria capacidade xurídica e lexitimación para convir e subscribir o presente convenio, conforme as seguintes:

**Primeira: Fundamento legal.**

O artigo 22.2. a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigo 19.4 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) establece

que *poderán concederse de forma directa subvencions previstas nominativamente (...) nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencions.*

*A efectos do establecido no parágrafo anterior, o obxecto desta subvencions deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.*

### **Segunda : Obxeto e período de vixencia do Convenio.**

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración económica do Concello de Valdoviño para financiar os gastos que derivan da organización e celebración do evento XXV Baixada Internacional de Carrilanas a San Mamede no ano 2024.

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

### **Terceira: Achega económica, apoio loxístico e organizativo.**

A BEO 53<sup>a</sup> VII) das Bases para a execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2024 contempla a colaboración económica ca entidade Asociación Baixada de Carrilanas a San Mamede con C.I.F. núm. G15639719 para a organización de actividades e eventos deportivos que implican a promoción turística do noso Concello, axudan ao desenvolvemento económico do mesmo, potencian o deporte de calidade e impulsan formas de ocio alternativo con cargo á aplicación orzamentaria 341.48001 por importe de 6.000,00 €.

Dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos correntes que orixine a organización e celebración do evento XXV Baixada Internacional de Carrilanas a San Mamede no ano 2024.

Ademais desta axuda o Concello comprométese, a permitir o uso dos viais municipais para a celebración da proba deportiva e autorizar o uso dos espazos para a xestión das instalacións auxiliares do evento XXV Baixada Internacional de Carrilanas a San Mamede no ano 2024 (previa concesión do título habilitante necesario para o que o solicitante deberá presentar toda a documentación requirida), a sufragar os gastos dos premios outorgados aos deportistas, gastos de loxística e transporte, montaxe e suministro eléctrico de infraestruturas vencelladas ao referido evento deportivo, transporte e alugueiro de baños químicos así como a xestión de saneamento e auga, así como a súa recollida e limpeza. Igualmente, a entidade local comprométese a apoiar aos efectivos de seguridade privada, emerxencias e colaboración de Protección Civil, así coma persoal municipal preciso para a xestión e celebración do evento XXV Baixada Internacional de Carrilanas a San Mamede no ano 2024.

O pagamento do 75% subvención nominativa será efectuado mediante ingreso na conta bancaria sinalada ao efecto polo beneficiario unha vez asinado o presente Convenio pois é dunha subvención prepagable. O 25% restante será aboado tras a debida xustificación do gasto realizado, conforme se determina na Cláusula sexta.

Establécese a compatibilidade para a percepción doutras subvencions, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non obstante, o importe das subvencions en ningún

caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### **Cuarta: Documentación.**

Para a plena efectividade do presente Convenio e antes da adopción do acordo de outorgamento da subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar a solicitude acompañada da seguinte documentación:

- a. Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- b. Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- c. Copia compulsada do documento constitutivo e estatutos da dita entidade, así como certificación acreditativa dos cargos da dita entidade.
- d. Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- e. Declaración xurada de se foron solicitadas ou non subvencións para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- f. Certificado de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das certificacións para o caso de que a contía a outorgar ao beneficiario non supere os 3.000,00 €, de acordo co art. 24 RLXS.
- g. Declaración responsable de non estar incurso a entidade nin a súa representación en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- h. Certificación dos datos bancarios da entidade.
- i. Declaración responsable comprometéndose a presentar xustificación da axuda no prazo de 3 meses, e en todo caso antes da finalización do exercicio no que é concedida a subvención, por parte de perceptor nos termos previstos nas presentes Bases.

#### **Quinta: Obrigas do beneficiario.**

Son obrigas do beneficiario:

- a. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención nominativa outorgada á Asociación de Baixada de Carrilanas a San Mamede no ano 2024 para a organización e celebración do evento XXV Baixada Internacional de Carrilanas a San Mamede no ano 2024.
- b. Xustificar ante o Concello de Valdoviño o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión e desfrute da subvención nominativa outorgada no ano 2024.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación e control que realice o órgano local competente ou a Intervención do Concello, estando obrigada a Asociación de Baixada de Carrilanas a San Mamede a facilitar toda a información que lle sexa requirida por eles no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Igualmente de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Baixada de Carrilanas a San Mamede queda sometida aos

procedimientos de fiscalización que leve a cabo dito órgano de control externo, e no seu caso ao disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

- d. Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e. Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.
- f. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.  
Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g. Adoptar as medidas de difusión oportunas para dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación que constitúe a subvención nominativa outorgada a Asociación Baixada de Carrilanas a San Mamede no ano 2024.  
Así, o escudo do Concello de Valdoviño deberá figurar en lugar preferente e visible na promoción do evento deportivo e deberá colocar un cartel ou lona con medidas mínimas de 180 centímetros de ancho por 60 centímetros de altura onde apareza o logotipo establecido pola entidade local.
- h. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **Sexta: Xustificación.**

A Asociación de Baixa de Carrilanas a San Mamede deberá presentar a seguinte documentación xustificativa do emprego da subvención outorgada polo Concello de Valdoviño á maior brevidade posible unha vez realizada a actividade subvencionada e, en todo caso, antes do 31 de decembro do 2024.

- a. Conta xustificativa (relación de facturas con conceptos e importes que se presentan coma xustificación da subvención), e facturas orixinais de gasto ou copias compulsadas das mesmas axeitadas ao establecido no RD 1619/2012, previamente a compulsa farase constar nos orixinais, mediante dilixencia nas mesmas, que se corresponden con gasto subvencionados polo concello, quedando as copias compulsadas no expediente, unha vez dilixenciadas, aos efectos dun control de concorrencia de subvencións.

Tamén deberán presentarse xustificantes dos pagamentos realizados a través de transferencias bancarias aos provedores co selo da entidade financeira ou con código de verificación, ou coa copia do cheque nominativo emitido e xustificante do seu cargo na conta acreditando pola entidade financeira do mesmo xeito.

- b. Achegarase unha memoria das actuacións realizadas, firmada en todas as follas, e declarando o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención, presentando algún tipo de proba.
- c. Certificados emitidos pola AEAT, Xunta de Galicia e Seguridade Social na que se acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d. O beneficiario da subvención acompañará unha relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas para idéntica finalidade, no seu caso, a declaración de non ser beneficiario de outras subvencións públicas para a mesma finalidade.
- e. Acreditación de ter dado publicidade a colaboración económica do concello, incluída a fotografía do cartel ou lona con medidas mínimas de 180 centímetros de ancho por 60 centímetros de altura onde apareza o logotipo establecido pola entidade local.

Mediante unha resolución da Alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da xustificación presentada polo beneficiario

#### **Sétima: Incumplimento**

No caso de que a Asociación de Baixada de Carrilanas a San Mamede non acredite fidedignamente o cumprimento da finalidade da subvención nominativa outorgada, ou non realice o obxecto que determina a concesión da presente axuda, procederá o reintegro do importe anticipado.

#### **Oitava: Natureza.**

Dada a natureza xurídico pública do presente Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Valdoviño e a Asociación de Baixada de Carrilanas a San Mamede, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Novena: Interpretación.**

Son causas de resolución do presente Convenio de colaboración económica a renuncia de calquera das partes e/ou o incumplimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución o obxecto do convenio aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Valdoviño (que a Asociación de Baixada de Carrilanas a San Mamede declara coñecer) e á normativa de aplicación na materia.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández.**

**Segundo.-** Disponer o crédito e recoñecer a obriga do 75% da subvención prepagable concedida á Asociación baixada de Carrilanas a San Mamede para a organización e celebración da XXV Baixada Internacional de Carrilanas a San Mamede no ano 2024 no ano 2024 que se imputará a aplicación orzamentaria do estado de gastos 341.48001 do orzamento municipal vixente.

**Terceiro.-** Dar conta deste acordo á Asociación baixada de Carrilanas a San Mamede e requirirlle para que compareza o seu representante para asinar o mesmo.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/A006/000013).**

## **6º.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ECONÓMICA ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O MEIRÁS CLUB DE FÚTBOL.-**

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA**

**Asuntos** Aprobación do Convenio para a concesión da subvención nominativa a favor do Meirás Club de Fútbol

**Expediente** 2024/A006/000010

A BEO 53ª VII) das Bases para a execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2024 aprobadas definitivamente en data 12-07-2024 contempla a colaboración económica ca entidade MEIRAS CLUB DE FÚTBOL con C.I.F. núm. G15272701 para a organización de actividades e eventos deportivos que implican a promoción do noso Concello, axudan ao desenvolvemento económico do mesmo, potencian o deporte de calidade e impulsan formas de ocio alternativo, estando enfocadas a longo prazo á creación de canteiras de deportistas con cargo á aplicación orzamentaria 341.48005 por importe de 4.114,20 €.

Consta no expediente 2024/A006/000010, a solicitude de Meirás C. F. con C.I.F. núm. G15272701 e achega da documentación prevista na referida BEO 53ª VII) para o ano 2024.

Visto o informe da Intervención municipal núm. EMP 106/2024 de fiscalización previa da proposta de Alcaldía de aprobación do Convenio para regular a colaboración entre o Concello de Valdoviño e Meirás C. F. ao efecto de sufragar gastos que deriven da organización e celebración de actividades deportivas no ano 2024 (Expediente 2024/A006/000010).

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía DISPÓN

**Primeiro.-** Aprobar o Convenio de colaboración económica entre o Concello de Valdoviño e Meirás C. F. no ano 2024, establecemento os dereitos e obrigas das partes.

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ECONÓMICA ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O MEIRAS CLUB DE FÚTBOL PARA SUFRAGAR OS GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS QUE SE REALICEN NO ANO 2024

Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

### INTERVEÑEN

Dunha a parte, Alberto González Fernández con D.N.I. núm. [REDACTED] Alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación da entidade local.

Doutra parte, Juan Carlos Aneiros Aneiros con D.N.I. núm. [REDACTED] en nome e representación do Meirás Club de Fútbol con C.I.F. núm. G15272701, en calidade de Presidente da mesma.

### MANIFESTAN

Ámbolos dous interveñen en representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose reciprocamente as partes intervintes a necesaria capacidade xurídica e lexitimación para convir e subscribir o presente convenio, conforme as seguintes:

#### **Primeira: Fundamento legal.**

O artigo 22.2. a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigo 19.4 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) establece que *poderán concederse de forma directa subvencións previstas nominativamente (...) nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*

*A efectos do establecido no parágrafo anterior, o obxecto desta subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.*

#### **Segunda : Obxeto e período de vixencia do Convenio.**

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración económica do Concello de Valdoviño para financiar os gastos que derivan da organización e celebración dos eventos e actividades deportivas no ano 2024.

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

#### **Terceira: Achega económica**

A BEO 53ª VII) das Bases para a execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2024 contempla a colaboración económica co Meirás Club de Fútbol con C.I.F. núm. G15272701 para a organización e celebración de actividades e eventos deportivos que implican a promoción do noso Concello, axudan ao desenvolvemento económico do mesmo, potencian o deporte de calidade e impulsan formas de ocio alternativo con cargo á aplicación orzamentaria 341.48005 por importe de 4.114,20 €.

Dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos correntes que orixine a organización e celebración das actividades e eventos de carácter deportivo no ano 2024.

O pagamento do 75% subvención nominativa será efectuado mediante ingreso na conta bancaria sinalada ao efecto polo beneficiario unha vez asinado o presente Convenio pois é dunha subvención prepagable. O 25% restante será

aboado tras a debida xustificación do gasto realizado, conforme se determina na Cláusula sexta.

Establécese a compatibilidade para a percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### **Cuarta: Documentación.**

Para a plena efectividade do presente Convenio e antes da adopción do acordo de outorgamento da subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar a solicitude acompañada da seguinte documentación:

- a. Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- b. Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- c. Copia compulsada do documento constitutivo e estatutos da dita entidade, así como certificación acreditativa dos cargos da dita entidade.
- d. Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- e. Declaración xurada de se foron solicitadas ou non subvencións para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- f. Certificado de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das certificacións para o caso de que a contía a outorgar ao beneficiario non supere os 3.000,00 €, de acordo co art. 24 RLXS.
- g. Declaración responsable de non estar incurso a entidade nin a súa representación en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- h. Certificación dos datos bancarios da entidade.
- i. Declaración responsable comprometéndose a presentar xustificación da axuda no prazo de 3 meses, e en todo caso antes da finalización do exercicio no que é concedida a subvención, por parte de receptor nos termos previstos nas presentes Bases.

#### **Quinta: Obrigas do beneficiario.**

Son obrigas do beneficiario:

- a. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención nominativa outorgada o Meirás Club de Fútbol no ano 2024.
- b. Xustificar ante o Concello de Valdoviño o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión e desfrute da subvención nominativa outorgada no ano 2024.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación e control que realice o órgano local competente ou a Intervención do Concello, estando obrigado o Meirás Club de Fútbol a facilitar toda a información que lle sexa requirida por eles no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades

libradas, de conformidad cos termos regulados na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Igualmente de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Meirás Club de Fútbol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leve a cabo dito órgano de control externo, e no seu caso ao disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

- d. Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e. Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.
- f. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.  
Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g. Adoptar as medidas de difusión oportunas para dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación que constitúe a subvención nominativa outorgada o Meirás Club de Fútbol no ano 2024.  
Así, o escudo do Concello de Valdoviño deberá figurar en lugar preferente e visible na promoción dos eventos e actividades deportivos. Deberá colocar un cartel ou lona con medidas mínimas de 180 centímetros de ancho por 60 centímetros de altura onde apareza o logotipo establecido pola entidade local.
- h. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **Sexta: Xustificación.**

O Meirás Club de Fútbol deberá presentar a seguinte documentación xustificativa do emprego da subvención outorgada polo Concello de Valdoviño á maior brevidade posible unha vez realizada a actividade subvencionada e, en todo caso, antes do 31 de decembro do 2024.

- a. Conta xustificativa (relación de facturas con conceptos e importes que se presentan coma xustificación da subvención) e facturas orixinais de gasto ou copias compulsadas das mesmas axeitadas ao establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as obrigas de facturación, previamente a compulsas farase constar nos orixinais, mediante dilixencia nas mesmas, que se corresponden con gasto subvencionados polo concello, quedando as copias compulsadas no expediente, unha vez dilixenciadas, aos efectos dun control de concorrencia de subvencións.

- a. Tendo en consideración o disposto no artigo 3.2 do citado RD 1619/2012, do 30 de novembro será suficiente e axeitada a achega de certificados emitidos pola entidade competente respecto das operacións de seguro que comprende as modalidades de previsión, reaseguro e capitalización ou documentos análogos.  
Deberán presentarse xustificantes dos pagamentos realizados a través de transferencias bancarias aos provedores co selo da entidade financeira ou con código de verificación, copias do cheques nominativos emitidos e xustificante do seu cargo na conta acreditado pola entidade financeira do mesmo xeito.
- b. Achegarse unha memoria das actuacións realizadas, firmada en todas as follas, e declarando o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención, presentando algún tipo de proba.
- c. Certificados emitidos pola AEAT, Xunta de Galicia e Seguridade Social na que se acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d. O beneficiario da subvención acompañará unha relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas para idéntica finalidade, no seu caso, a declaración de non ser beneficiario de outras subvencións públicas para a mesma finalidade.
- e. Acreditación de ter dado publicidade a colaboración económica do concello, incluída a fotografía do cartel ou lona con medidas mínimas de 180 centímetros de ancho por 60 centímetros de altura onde apareza o logotipo establecido pola entidade local.

Mediante unha resolución da Alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da xustificación presentada polo beneficiario

#### **Sétima: Incumprimento**

No caso de que o Meirás Club de Fútbol non acredite fidedignamente o cumprimento da finalidade da subvención nominativa outorgada, ou non realice o obxecto que determina a concesión da presente axuda, procederá o reintegro do importe anticipado.

#### **Oitava: Natureza.**

Dada a natureza xurídico pública do presente Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Valdoviño e o Meirás Club de Fútbol, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa

#### **Novena: Interpretación.**

Son causas de resolución do presente Convenio de colaboración económica a renuncia de calquera das partes e/ou o incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución o obxecto do convenio aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Valdoviño (que o Meirás Club de Fútbol declara coñecer) e á normativa de aplicación na materia.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández.**

**Segundo.-** Dispoñer o crédito e recoñecer a obriga do 75% da subvención prepagable concedida a Meirás C. F. para a organización e celebración de actividades deportivas no ano 2024 que se imputará a aplicación orzamentaria do estado de gastos 341.48005 do orzamento municipal vixente.

**Terceiro.-** Dar conta deste acordo a Meirás C. F. e requirirille para que compareza o seu representante para asinar o mesmo.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada a marxe.”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000010).**

## **7º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-**

### **A.- Licenza de obra maior.-**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

**Expte: 277/2023 Tedec 2023/U022/000018**

**.- Expte. de obras 277/2023-** ██████████ representado por ██████████  
██████████ solicita licenza para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada nunha parcela situada no lugar de Pazos, 52, parroquia de Lago, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº5088A501006740000GP).

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico e de execución para a construción de vivenda unifamiliar aillada achegado o 27/10/2023 e redactado polo arquitecto Santiago González Fernández.
- Modificado de Proxecto Básico e de execución para construción de vivenda unifamiliar achegado o 14/02/2023 e visado o 14/02/2023, redactado polo mesmo arquitecto e que substitúe ao anterior.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Santiago González Fernández, achegado o 27/10/2023 e visado o 26/10/2023 e Oficio de Dirección de Execución da obra de arquitecto técnico a nome de Juan Antonio Tuimil García, achegado o 17/07/2024 e visado polo correspondente colexio o 11/07/2024.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e

calificado, como **S.N.U. DE NÚCLEO RURAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA e SOLO NON URBANIZABLE (Común).**

Segundo o proxecto presentado, a vivenda que se pretende construír se sitúa na zona da parcela clasificada como **S.N.U. DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal con data 03/10/2024 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal con data 07/10/2024 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] licenza para as obras de **construcción de vivienda unifamiliar aillada** nunha parcela situada no lugar de de **Pazos, 52 (referencia catastral nº5088A501006740000GP).**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Santiago González Fernández e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data 03 de setembro de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 378,07 €.****ICIO.- 1.739,15 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2023/U022/000018).**

**B.- Licenza de parcelación.-**

**“Proposta de Alcaldía para licenza de parcelación.**

**Expte 10/2023**

**Tedec 2024/U018/000001**

- Expte. de parcelación (exp. 10/2023).- [REDACTED] (representado por [REDACTED]) - Para licenza de parcelación de finca no lugar de **Lugar de Marnela nº 8. parroquia de Pantín, no Concello de Valdoviño**, segundo a documentación presentada:

- Proxecto de parcelación de finca realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Esteban García Alonso, de data decembro de 2023.

A parcela obxecto deste proxecto ten a referencia catastral nº. **15088A023000050000HQ** e correspóndense coa parcela nº5 do polígono nº 23 do plano parcelario do catastro de rústica deste Concello.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA A	3.972 m <sup>2</sup>	Núcleo rural	Sup. Bruta parcela	1.181 m <sup>2</sup>
			Sup. Neta parcela	1.092 m <sup>2</sup>
			Sup viales Cesión	89 m <sup>2</sup>
		Suelo Rústico	Sup. parcela	2.791 m <sup>2</sup>
PARCELA B	723 m <sup>2</sup>	Núcleo rural	Sup. Bruta parcela	723 m <sup>2</sup>
			Sup. Neta parcela	697 m <sup>2</sup>
			Sup viales Cesión	26 m <sup>2</sup>

Considerando o **informe do arquitecto municipal con data 04 de outubro de 2024**, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal con data 07 de outubro de 2024**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** a licenza de parcelación a [REDACTED] **para a segregación da finca** sita no lugar de **Lugar de Marnela nº 8. parroquia de Pantín, no Concello de Valdoviño**, nas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 04 de outubro de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Segundo.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **312,21 €**.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

**/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U018/000001).**

#### **8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*